

GUÍA DIDÁCTICA PARA TRABALLAR A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER



Comisión de Convivencia
Equipo de Dinamización da Lingua Galega

CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza,
Santa Comba
Curso 2020/2021

Índice

Introdución	2
Actividade 1: El maltrato sutil	3
Actividade 2 (para os máis pequenos): SuperLola	4
Actividade 2 (para os máis maiores): Pepa y Pepe	5
Actividade 3: analizando as cancións	6
Actividade 4: La mitad de Juan	12
Actividade 5: caixa azul e caixa rosa	13
Actividade 6 (para os máis pequenos): xogo de rol	14
Actividade 6 (para os máis maiores): xogo de rol	15
Máis recursos	17

Introdución

Esta guía didáctica está pensada para levar a cabo durante a semana previa e a semana do día en que se conmemora o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller (25 de novembro). Estas actividades non se teñen que desenvolver necesariamente en días consecutivos. O realmente importante é que estes valores que estamos a traballar nestes días se sigan traballando ao longo do curso escolar, para que non quede todo nunha simple celebración. Ademais, o **día 25 de novembro** como actividade central invitaremos a todo o alumnado e profesorado a que veñan ao colexio coas **uñas pintadas, maquillados/as, ou vestidos como realmente lles guste, como unha expresión de liberdade e rotura de estereotipos sexistas**. Durante a hora de ler sintonizarase a radio escolar *Barrié nas Ondas* para escoitar dous contos e música sobre a temática que estamos traballando.

As actividades que a continuación se presentan teñen o obxectivo principal de facer reflexionar ao alumnado sobre unha situación real como é a violencia contra a muller, e todo o que iso leva. Trátase de facelos conscientes de que o maltrato non consiste só na agresión física, senón que antes diso hai moitos aspectos que pasamos por alto e cómpre reflexionar sobre estes e pensar que podemos facer cada un e cada unha de nós para evitar determinadas situacións.

Presta atención a cada unha das actividades, pois algunhas delas son xerais para todo o alumnado, mais outras están diferenciadas por idade. Tendo en conta as características do noso alumnado debemos valorar se é convinte levar a cabo unha ou outra actividade.

Ao final deste documento recóllese un enlace que nos leva á páxina do 25N do blog do Equipo de Dinamización da Lingua Galega. Nesta atoparedes moitos máis recursos cos que podedes traballar ao longo deste mes e ao longo do curso.

Actividade I: El maltrato sutil



1. escoitar e ver o vídeo do conto **“Maltrato sutil”** (acceso ao enlace presionando ctrl+clik na imaxe).
2. Reflexionar sobre o conto plantexando as seguintes preguntas:
 - De que fala este conto?
 - Como se sentía esta nena?
 - Importáballe moito o que lle dicían os demais?
 - Quen lle diría todo iso? A súa nai? O seu pai? Os seus amigos? Todos?
 - Está ben levar sempre vestido? E tacóns? E maquillaxe?
 - É o máis importante estar guapa? Que é estar guapa? Quen decide se estou guapa?
 - Se a min me gusta moito unha roupa, un peiteado, uns zapatos, etc., e síntome ben con ela, debe importarme o que pensen os demais?
 - A que persoas lles pasa máis isto? Por que?
 - A quen credes que lles din máis “guapa” ou “guapo”? Aos nenos ou ás nenas? Por que?

- Por que cando lles falamos ás nenas lles dicimos que están guapas e cando vemos a un neno lle dicimos que é forte ou campión?

Ademais destas, para o alumnado dos cursos superiores pódense plantexar as seguintes cuestións:

- Quen cre que a súa nai non lle deixaría pintar as uñas?
- Quen cre que o seu pai non lle deixaría poñer unha camiseta rosa?
- Quen sofre máis coa roupa que leva, no que a incomodidade se refire?
- Esta nena síntese segura ou insegura?
- Como podemos nós mesmos/as reaccionar ante a xente que pretende controlar os nosos actos?

Actividade 2 (para os máis pequenos): SuperLola



1. Visionado do vídeo “**SuperLola**” (acceso ao enlace presionando ctrl+clic na imaxe). É **moi IMPORTANTE** centrarse nos adxectivos que se din ao longo do vídeo e tratalos para **comparalos cos adxectivos que se lle din ás nenas xeralmente**.
2. Responder ás seguintes cuestións:
 - Esta nena síntese segura ou insegura?

- É SuperLola como todas as nenas?
- Fíxate en que palabras escolleu SuperLola para facer unha descrición de si mesma.
- Que palabra de SuperLola escollerías para ti?
- Quen é máis forte? Os nenos ou as nenas?
- Quen é máis valente? Os nenos e as nenas?

Unha vez comentadas estas cuestións, propóñense outras preguntas para comparar os dous vídeos vistos nas actividades 1 e 2:

- A quen lle gustaría disfrazarse de SuperLola? E a quen lle gustaría ser a outra nena?
- Con quen te identificas máis? Con SuperLola ou coa nena do primeiro vídeo?
- Faríalle dano a SuperLola as mesmas cousas que á nena do outro conto?

Actividade 2 (para os máis maiores): Pepa y Pepe



1. Visionado do vídeo **“Pepa y Pepe”** (acceso ao enlace presionando ctrl+clic na imaxe).
2. Reflexión sobre o documento gráfico e promoción do debate na aula a través de preguntas similares ás seguintes:

- En que medida parecevos que esta situación pasa realmente?
- Está ben que Pepe controle o grupo de amigas coas que pode verse Pepa?
- Se vós fosedes Pepa, deixaríades de facer unha actividade que realmente vos gusta por unha parella?
- Permitirías que a túa parella ou unha amizade che insultara e degradara diante dos teus amigos e amigas?
- Consideras que vistes como ti queres ou hai alguén cuxo pensamento ou palabras inflúen na túa vestimenta?
- De que maneira as redes sociais fomentan as situacións de acoso e maltrato?



Actividade 3: analizando as cancións

Nesta actividade a mestra de música propón un listado de cancións a traballar segundo os niveis educativos. A importancia desta actividade radica na importancia de escoitar e ver detidamente a letra das cancións e reflexionar sobre o seu significado. Para isto, propónse escoitar unha primeira vez a canción e preguntar ao alumnado que frases escoitaron que destacarían. A continuación proxectaríase no encerado a letra da canción e analizaríase detidamente. Preténdese que cando o alumnado volva a escoitar estas cancións coñeza realmente o seu significado e sexan críticos coas letras das cancións.

Este é o listado que se propón por ciclos (presionando ctrl+clic sobre o título accederedes á páxina de youtube coa correspondente canción:

❖ **NIVEIS: 5º E 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

🎵 ["Caperucita" - Ismael Serrano](#)

Caperucita sólo tiene dieciséis

primaveras sin flores, papá le dice: "Ven.

Caperucita eres joven y tienes que aprender

a ocuparte de la casa, que serás una mujer.

Para que seas buena esposa

y no envejecas sola,

en la cama y la cocina has de saber

alegrar a tu marido y cuidar a cada hijo,

que te atrapa tu destino,

que has de ser madre y esposa".

Y la pobre Caperucita llora.

"Quiero volar, lejos de aquí escapar.

Dime, mi bien, quién me llorará

si me dan alas y echo a volar.

Quiero dormir, no quiero despertar,

quiero ser la lluvia al otro lado del cristal,

quizás alguien me espere en la oscuridad".

Una fría tarde Caperucita iba

a casa de su abuela a llevarle comida,

cuando se encontró con un lobo feroz.

Dime dónde vas niña, que te acompaño yo.

La muchacha se supo perdida.

Gritaba Caperucita

mientras la devoraba el lobo.

Bajo la falda del vestido

estallaron los dormidos

sueños que en la noche

la mantenían viva. Pobre Caperucita.

"Quiero volar, lejos de aquí escapar.

Dime, mi bien, quién me llorará

si me dan alas y echo a volar.

Quiero dormir, no quiero despertar,

quiero ser la lluvia al otro lado del cristal,

quizás alguien me espere en la oscuridad".

Una gris mañana Caperucita se casó,

vestida de blanco, bella como una flor.

Su marido, muy elegante, otro lobo feroz,

y su padre orgulloso lloraba de emoción.

Ahora cada noche el lobo la devora,

clava sus dientes, y llora

Caperucita mientras espera a que un aullido

le diga que el dormido animal despertó.

Después descansa tranquilo el malvado lobo feroz.

La cara de Caperucita alumbra una sonrisa

mientras mece una cuna. En ella está una niña,

quizás futura oveja para un lobo feroz,

a no ser que afortunada la rescate tu amor.

Caperucita la arrulla contra el pecho

y un murmullo lento, lleno

de esperanza y vida,

canta Caperucita.

"Quiero volar, lejos de aquí escapar.

Dime, mi bien, quién me llorará

si me dan alas y echo a volar.

Quiero dormir, no quiero despertar,

quiero ser la lluvia al otro lado del cristal,

quizás alguien me espere en la oscuridad.

Quiero volar"

♪ ["Salir corriendo"- Amaral](#) (AVISO: o inicio do videoclip é forte)

♪ ["Salir corriendo" – Amaral Karaoke](#)

Nadie puede guardar toda el agua del mar en un vaso de cristal

¿Cuántas gotas tienes que dejar caer hasta ver la marea crecer?

¿Cuántas veces te ha hecho sonreír?

Esta no es manera de vivir

¿Cuántas lágrimas puedes guardar en tu vaso de cristal?

Si tienes miedo, si estás sufriendo, tienes que gritar y salir, salir corriendo

¿Cuántos golpes dan las olas a lo largo del día en las rocas?

¿Cuántos peces tienes que pescar para hacer un desierto del fondo del mar?

¿Cuántas veces te ha hecho callar?

¿Cuánto tiempo crees que aguantarás?

¿Cuántas lágrimas vas a guardar en tu vaso de cristal?

Si tienes miedo, si estás sufriendo tienes que gritar y salir, salir corriendo.

❖ NIVEIS: 3º E 4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

♪ [“Malo” – Bebe](#)

♪ [“Malo” – Bebe Karaoke](#)

*Apareciste una noche fría,
Con olor a tabaco sucio y a ginebra
El miedo ya me recorría
Mientras cruzaba los dedos tras la puerta.
Tu carita de niño guapo
Se la ha ido comiendo el tiempo por tus venas,
Y tu inseguridad machista
Se refleja cada día en mis lagrimitas
Una vez más no, por favor
Que estoy cansada y no puedo con el corazón
Una vez más no, mi amor, por favor
No grites que los niños duermen
Una vez más no, por favor
Que estoy cansada y no puedo con el corazón
Una vez más no, mi amor, por favor
No grites que los niños duermen
Voy a volverme como el fuego
Voy a quemar tu puño de acero
Y del morao de mis mejillas saldrá el valor
Para cobrarme las heridas
Malo, malo, malo eres
No se daña a quien se quiere, no
Tonto, tonto, tonto eres*

No te pienses mejor que...

♪ [“Morra o conto” – A Banda da Loba](#)

[Realizada para o 8M de 2020](#)

❖ NIVEIS: 1º E 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Traballo de estereotipos sexistas.

♪ [“Al pasar la barca” - Fofito](#)

♪ [“Don Federico” - Fofito](#)

Don Federico mató a su mujer la hizo picadillo y la echó a la sartén

Don Federico perdió su cartera para casarse con una costurera

la costurera perdió su abanico para casarse con Don Federico

Don Federico le dijo que no y la costurera se desmayó

Don Federico le dijo que sí y la bella dama se puso feliz.

❖ NIVEL: EDUCACIÓN INFANTIL

Traballo de estereotipos sexistas.

♪ [“Canción dos oficios” – Teresa Rabal](#)

♪ [“Igualdad de género” – Andaluna y Samir](#)

♪ [“Al pasar la barca” - Fofito](#)

Ademais de todas estas, [AQUÍ](#) tedes 150 cancións para traballar a prevención da violencia de xénero.

Actividade 4: La mitad de Juan



1. Lectura do conto “La mitad de Juan” (acceso ao documento en pdf presionando ctrl+clic na imaxe).
2. Reflexionar sobre o conto plantexando as seguintes cuestións:
 - Algunha vez vos dixeron cousas como as que lle dixeron a Juan?
 - Sentícheste como Juan cando cho dixeron?
 - Fixo Juan o que debía?
 - Tiña razón a Fada Menta?
 - Debería Juan deixar de facer cousas de nena?
 - Os papás e as mamás dinnos estas cousas? *Recalcar que se nos din iso hai que dicirlles que non teñen razón. Os adultos ás veces tamén se equivocan.*
 - Eu como mestra/e tamén me podo equivocar. Deberíame dicir se pensas que me estou equivocando?

Despois do conto e de reflexionar sobre o mesmo ofrecémoslle dúas caixas grandes (reais ou pintadas no encerado) e indicámoslle: Imos poñer as cousas de nenos nunha caixa e as cousas

de nenas noutra caixa. A idea é observar se ceden e fan a actividade ou se nos din que acabamos de dicir que non hai cousas de nenos ou de nenas.

Actividade 5: caixa azul e caixa rosa



1. Visionado do vídeo “El rosa no es para los niños” dende o minuto 1:30 ata o minuto 10:22 (presionar ctrl+clic sobre a imaxe).
2. Reflexión sobre o documento gráfico facendo fincapé nas seguintes cuestións:
 - Que Caixa escollerías/escolleríades ti/vós?
 - Pensades que hai xoguetes para nenos e para nenas?
 - Que dirías ti se estás xogando cunha boneca e alguén che di que iso é só para nenas?
 - Que dirías ti se estás xogando cun coche e alguén che di que iso é só para nenos?
 - Como podemos solucionar o problema? (de non saír solución, darlles esta: meter todos os xoguetes nunha única caixa doutra cor, por exemplo amarela)

3. Neste punto é importante lembrarilles o decálogo que se traballou o ano pasado de xoguetes non sexistas (ctrl+clic na imaxe).



4. É importante facelo saber e transmitir as nosas reflexións ás compañeiras e compañeiros, por iso o ano pasado fórono explicando polas aulas.

*Entrega chapa e decálogo
Xoguetes non sexistas*

Actividade 6 (para os máis pequenos): xogo de rol

A continuación preséntanse diversas situacións para que o alumnado reaccione ante as mesmas. Para os máis pequenos plantexarémolles diversas cuestións para que nos respondan como reaccionarían ante elas. Estes son algúns exemplos.

Como reaccionarías se ...?

- O teu papá ou a túa mamá di que non che vai mercar esmalte de uñas porque es un neno e iso é de nenas?
- Un neno non che deixa xogar coa pelota porque di que as nenas non poden xogar?
- A túa mamá di que tes que poñer un vestido pero ti queres vestir un chándal?

- O teu papá bérralle á túa mamá e a empurra?
- O teu papá ou mamá di que de maior non podes ser bombeiro porque ese é un traballo de chicos?
- O teu papá ou mamá di que de maior non podes ser enfermeiro porque ese é un traballo de chicas?
- O teu papá non che deixa xogar á pelota con el e co teu irmá, dicindo que ti tes que xogar ás bonecas?

Actividade 6 (para os máis maiores): xogo de rol

A continuación preséntanse diversas situacións para que o alumnado reaccione ante as mesmas. Un neno ou nena seguirá as instrucións recollidas nun papel e outro/a neno/a ou varios/as terán que reaccionar ante esa situación tal e como cren que o farían realmente, para finalmente reflexionar entre todos os aspectos a mellorar e como deberían actuar.

Situación 1: interveñen tres alumnos/as. A persoa que sigue as instrucións (o sexo é indiferente neste caso) e un alumno e unha alumna que fan de irmáns van paseando e atópanse pola rúa, así que comezan a falar.

- Ola!! Que tal? (Cara a nena) Que guapa estás! Quen che comprou esa roupa tan bonita?
- (Cara o neno) Ti que tal, campión? Como foi o partido do domingo?
- Que vos parece se imos ao parque? (Cara a nena) Queres que che compre un xeado e tómallo sentadiña no banco mentres nós xogamos un pouco á pelota?

(Continuar...)

Situación 2: un alumno e unha alumna simulan ser unha parella. O alumno seguirá as instrucións.

- Que tal cariño?
- Tes pensado saír de casa? Onde vas ir?
- E pareceche normal ir así vestida? Vaite cambiar, anda! E pon algo máis tapado.
- Se non estou eu aquí para aconsellarche vas dando vergonza pola rúa con esas pintas.

- Non terás pensado ver a túa amiga Marga, non? Non che convén moito quedar con esa muller, quérese meter na vida dos demais.
- Que che parece que mellor quedas comigo na casa e facemos algo xuntos?
- Déixame un momento o teu móbil, quero mirar o Whatsapp, a ver con quen falas.

(Continuar...)

Situación 3: tres alumnos; un neno, que simula ser o pai, e un neno e unha nena que simulan ser irmáns. Achégase o seu aniversario e van a unha tenda de xoguetes a elixir un xoguite de regalo. O alumno que fai de pai segue as instrucións.

- Veña, nenos! Imos escoller os vosos regalos. (Cara ao neno) Imos primeiro á sección de nenos para que escollas o que ti queiras: unha pelota, un coche de carreiras, etc. E non me digas outra vez que queres unha caixa de esmalte de uñas, porque non cha vou mercar. (Seguir a conversa ata escoller finalmente un regalo).
- (Cara a nena) Agora imos polos corredores das bonecas e as cousas de nenas, a ver que che gusta a ti. Non pode ser que escollas un camiión de bombeiros, iso é para nenos. (Seguir a conversa ata escoller finalmente un regalo).

Situación 4: o neno que segue as instrucións será un home que está na rúa e lle di piropos a unha rapaza que pasa por alí, cuxo papel representará unha alumna.

- Ola guapa! Vaia curvas, e eu sen freos!
- Queres que te acompañe a casa? Non vaias soa, que é de noite e terás medo.
- Un bombón coma ti non debería camiñar soa pola rúa.
- Dáme o teu instagram ou o teu número de teléfono polo menos e falamos cando queiras.

(Continuar...)

Máis recursos

Facendo ctrl+clic na imaxe accederás a moitos máis recursos propostos polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega e a Comisión de Convivencia.

